

Calquera idade e boa para soñar: Coral Os Soñadores de Ourense



Páxina 9

A Xunta licita os traballos de restauración da igrexa do Incio



Páxina 10

A Xunta inviste na construción dun viveiro industrial no Corgo



Páxina 11

Antigüedades de cinco países en Expourense



Páxina 12

A FAO distingue a recuperación da raza bovina autóctona caldelá



Páxina 14



Santiago acolle do 3 ao 7 de xullo a quinta edición da feira de creación e innovación Maker Faire Galicia

Páxina 6

Entrevista



Leticia Costas, escritora

“Quería unha protagonista feminina para ter a súa mirada”

Páxina 7



Opinión

Por Isidoro Gracia

Reflexión cara a investidura

Primum non nocere, en galego "o primeiro é non facer dano".

Esta máxima aplicada no campo da medicina e as ciencias da saúde, atribuída ao médico grego Hipócrates, vén ao xeito ante a situación devinda das eleccións do 28A.

Nalgún sitio vin unha versión máis completa : Primum non nocere et bonum facere. Como as premisas de partida correctas de todo profesional da medicina . Premisas que eu traslado como obrigación aos actuais profesionais da política, elixidos nas Eleccións Xerais do pasado 28A . A maioría dos dirixentes dos distintos partidos (con algunha excepción) non apuntan nesa dirección, senón xusto a contraria. Aínda cando debería resultar evidente, convén resaltar que o suxeito a quen aplicar a máxima son os cidadáns, pero case todos os discursos e intervencións, dirixidas a buscar como se goberna para afrontar os problemas do país e os seus habitantes, non conteñen case nunca palabra algunha cara a eles.

Dous meses logo das eleccións as posicións, publicas e reiteradas, non teñen nada que ver co suxeito Pobo e os seus problemas, teñen como suxeitos, predicados e adxetivos outros partidos,

outros dirixentes, e nalgún caso de forma moi obsesiva o "presidenciable".

Por partes, podo chegar a entender que algúns dos partidos que obtiveron escanos nin se susciten ter ningún obxectivo en común e nin sequera compatible co programa do único candidato con posibilidades de formar goberno, VOX e JXCAT por exemplo, ata que sexa moi pouco probable atopar intereses a curto que xustifiquen decisións tácticas que non repugnen ás súas bases éticas e militantes, os independentistas de ERC ou BILDU, poden ser as forzas concernidas.

A partir de aí, a lóxica democrática empeza a non ser suficientemente útil, para analizar e comprender as posicións dos que insisten en manifestar que son organizacións cuxo primeiro obxectivo é a defensa dos intereses de España, e sobre todo dos seus cidadáns.

Como comprender que os mesmos que esixían, e continúan hoxe mesmo esixindo. elección tras elección, que hai que deixar gobernar aos máis votados, en especial si non hai outra alternativa posible, defendan que iso só é de aplicación cando os primeiros son eles. Como aplicar lóxica algunha aos bloqueos baseados en dar diferente valor democrático aos votos duns es-

pañois, fronte aos doutros tamén españois pero con ideas diferentes. Non son tan lexitimadores os votos dos deputados elixidos nas listas un partido neo-fascista, como os doutros elixidos na dun independentista, ou dos múltiples partidos localistas, ou dos xa escasos comunistas?, PP e CIDADÁNS manteñen simultaneamente que todos os cidadáns son españois, con iguais dereitos e deberes, pero que o valor dos votos dalgúns é diferente ao doutros.

E entrando na análise do feito, lóxico por natureza, de que as organizacións, sexan ou non políticas, tamén pasan por períodos de aprendizaxe similares ás de calquera individuo, desde o ensino primario á universitario, hai un exemplo evidente na situación que elixiu a suma de proxectos que é PODEMOS, que arrincando con sobrealiente no seu primeiro exame, suspendeu todos e cada un dos exames de grado posteriores, coa excepción do da Moción de Censura, iso si ante o feito das aplastantes consecuencias do seu erro para os seus votantes. Plantados ante a oportunidade da licenciatura, ao ser, senón imprescindible, si altamente conveniente para os intereses dos seus votantes, contribuír á formación dun goberno dun signo determinado, ameazan con non colaborar si non se lles dá directamente o doctorado, esquecendo que o que ten que valorar a súa

tese, con competencia exclusiva sobre a materia, é o actual Presidente en funcións, que non pode permitirse un Goberno con dúas almas, moito menos con dúas cabezas decisorias (nin el nin calquera outro Presidente). Do suspenso, máis propio de párvulos que de doctos universitarios, que levou a prolongar o Goberno Rajoy tres anos, non parecen ter aprendido nada.

Os case 125 anos de vida do PNV, os máis de 140 do PSOE e as experiencias pasadas, ás veces como aliados, ás veces como adversarios, ás veces triunfantes, ás veces perdedores, estalles facendo comportar, nesta ocasión, como os profesionais que se aplican ás dúas máximas "Primum non nocere" aos intereses xerais, e ,cando a relación de forzas e resto de circunstancias permíteno, "bonum facere" aos intereses dos seus votantes e militantes.

De todos os xeitos, os meus moitos anos de vida e algunha experiencia profesional e política indícanme que situacións como a actual adóitanse solucionar, ou estropear, definitivamente a madrugada anterior á mañá en que se vota o o Congreso dos Deputados a Investidura, a Moción de Censura ou os Orzamentos Xerais.



Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Unha ruptura demorada de máis

Luis Villares e outros tres dos catorce deputados do Grupo Parlamentario de En Marea asinaron o seu pase ao Grupo Mixto, mentres unha quinta-Flora Miranda- anunciou a súa dimisión inmediata. Deuse, pois, unha situación inédita: que os deputados suxeitos á liña política marcada polos órganos lexitimos do partido tivesen que deixar o Grupo no canto de facelo os deputados que racharan coa disciplina orgánica. Esta situación sería impensábel no eido local, onde as disposicións antitransfuguismo permiten a expulsión dos concelleiros re-

beldes de cadanseu grupo local. Mais o Regulamento do Parlamento de Galicia non ten normativa análoga.

Compre lembrar que ás eleccións nacionais galegas de 2016 compareceu un partido, En Marea, fundado o 29 de xuño de 2016 como organización nacional galega e plenamente soberana. A desaquelada proporción obtida por Podemos entre os catorce deputados (sete, hoxe seis pola adscrición de Pancho Casal á liña oficialista de En Marea) explícase nunha trampulleira abordaxe telemática do proceso de primarias das candidaturas que im-

plicitamente recoñeceu Echenique e marcou o comezo da colonización podemita.

Ficou entón claro que existían dous proxectos, un nacional galego e outro que acreditaba seren sucursal da esquerda española, cada vez máis xerarquicamente sometida ao personalismo de Pablo Iglesias. Velaí que a ruptura tardara de máis. Habería ter chegado moito antes, quizais xa cando o chamado grupo confederal no Congreso impediulle aos deputados Alexandra Fernández e Miguel Anxo Fernán Vello actuar como auténticos voceiros. Pagaba ben máis a pena que Fernán Vello e Alexandra Fernández, ao xeito do que intelixentemente fixeron os catro de-

putados de Compromiso, pasaran a Grupo Mixto para visualizaren a liña política que querían as bases de En Marea.

Mais Deus nos libre dun xa foi. Aquí pasou o que pasou e En Marea enfronta o seu futuro sen representación nas Cortes nin nos principais concellos galegos, só con algunha representación local propia ou próxima nalgúns concellos medianos e pequenos. E ten de decidir o seu futuro dende esas desfavorábeis condicións, quizais a só un ano das vindeiras eleccións nacionais galegas.





Por: Guillermo Rodríguez

Director

A resaca do 26/ M

Estes días estou lendo un libro de Jean Ziegler, titulado “Hay que cambiar el mundo”. Nel verte ideas e denuncia situación que todos intuimos pero que as veces non coñecemos en profundidade. A propósito do momento en que vivimos faise dunha actualidade rabiosa vendo o comportamento dos nosos políticos que nin sequera son quen de poñerse de acordo para elixir ao Presidente do novo goberno. Cada quen ten “importantes razón” para nin sequera sentarse a falar con o representante doutra opción política

O presidente en función, Pedro Sánchez, ven de anunciar que o día 23 de xullo se presenta no Parlamento para someterse á votación de investidura como Presidente efectivo deste País chamado España.

Os seus adversarios din que é un prepotente porque se somete á investidura sen contar coa apoios suficientes, ou sexa, 176 votos a favor, tal como esixe a Lei electoral. Pero, curiosamente, ningún dos demais partidos están dispostos a facilitarlle esa investidura, aínda sabendo que non hai alternativa.. Cada quen ten “importantes razón” para nin sequera sentarse a falar con o representante doutra opción política. Algo así como aquela película, non me lembro o título, na que dous ían a toda velocidade conducindo dous coches cara a un abismo discutindo quen dos dous frenaría antes de perderse no precipicio.

O presidente en función Pedro Sánchez ven de anunciar que o día 23 de xullo se presenta no Parlamento para someterse á investidura como Presidente efectivo deste País chamado

España.

Os seus adversarios din que é un prepotente porque se somete á investidura sen contar coa apoios suficientes, ou sexa, 176 votos a favor, tal como esixe a Lei electoral. permitir que saia elixido aínda que non se vexa alternativa posible no horizonte político e declaren que non lles gustaría ir a novas eleccións. Total, coma o can do hortelano, nin comia nin deixaba comer ao amo.

Pola banda da esquerda temos a Podemos enrocado en que ou ten ministerios a súa disposición ou vota en contra. Os demais partidos é natural que non estean a favor, pero tampouco se van molestar, segundo declaran por activa e por pasiva, que se vaian abster; votarán en contra. Aínda sabendo que cecais vaian directos ao abismo dunhas novas eleccións que a ningún deles lles resultan agradables, tal como está o panorama.

Claro que Pedro Sánchez poderá saír elixido se acepta os votos das forzas políticas nacionalistas, independentistas e secesionistas aceptando as condicións que, de seguro, pretenderán impoñerlle. Curiosamente, tanto Cs, coma PP denuncian con grande énfase que Sánchez está vendido aos nacionalistas, como se foran partidos rabiosos que o puideran contaminar. Sen embargo cando os socialistas lle piden a súa abstención para non precisar deses votos que din “tan perigosos” fanse o tolo e miran para outro lado. “Non lle favoreceremos o goberno a Pedro Sánchez de maneira ninguna”, enfatizan dende o PP; “votaremos contra Sánchez sen pestenexar”, din os de Cs; votaremos en contra sen non temos ministerios ase-

gurados, din os de Podemos..

Que debe facer, logo Pedro Sánchez? Concederlle un par de ministerios a Podemos para que lle dea os seus 54 votos aínda que non sexan suficientes para acadar a maioría necesaria dos 176? Presentarse no Parlamento “solo ante el peligro” esperando a que os demais caian da burra e lle permitan saír elixido?

Difícil dilema a resolver. Se cede aos nacionalistas malo, se non cede e solicita a abstención dalgunha das forzas adversarias nin o atenden.

Durante estes días que faltan ata o día 23 de xullo asistiremos a un cruce de reproches entre uns e outros propios dunha feira de gando na disputa da mellor peza.

Nós que acudimos as urnas na confianza de que despois das votacións nun tempo prudencial nos ofrecerían un goberno solvente capaz de arranxar os grandes retos que este País ten por diante, asistimos a este partida de trileiros da política que soamente pensan en como lles vai ir mellor a cada forza política, sen importarlles que as cousas se pudran, cada vez se poñan peor ou se a xente ten que comer ou mendigar un mendrugo de pan.

Que deberíamos facer? Difícil resposta. Sair a rúa e substituílos

por outros mais sensatos? Ú-os? Onde os imos atopar? Non ir a votar nunhas hipotéticas novas eleccións para que soberan que estamos cansos destes rifirrafes?. Ninguna das solucións sería mellor.

Vivimos nun sistema político que ten as cartas marcadas polos de sempre; no que a sociedade civil pouco conta, non sendo para votar. Logo xa eles /elas se encargarán de xogar aos chinos cos nosos votos. Uns máis expertos saíran gañando, outros tratarán de facerlle trampas esperando que caian nelas. En fin, non temos solución nin remedio. Só cabe esperar que finalmente alguén teñan una luz de cordura e se constitúa o Parlamento en tempo e forma, que teñamos un goberno que governe para todos, sobre todo para os máis necesitados, que os hai por millóns.

Teñan paciencia e sexan felices, se poden!!

MARTIRENA



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Fco. Puñal Suárez – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – João Martinho.

MADRID: –Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (Koki)

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hernanizer Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex -Fuco Buxán.

Depósito legal: VG-138-2015

Galicia

O Sergas prestará asistencia sanitaria aos 330 nenos saharauís que pasarán o verán en Galicia co programa Vacacións en paz

O Servizo Galego de Saúde dará cobertura asistencial, un verán máis, aos rapaces saharauís que participan no programa Vacacións en Paz 2019, organizado en Galicia pola Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí. Esta mañá, o conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, fixolle entrega á presidenta da asociación, Maite Isla Avión, dos documentos acreditativos que garanten a asistencia sanitaria durante as vacacións dos 330 nenos saharauís que se desprazan a Galicia este verán, ao abeiro do programa.

A colaboración establecida

entre o Sergas e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí inclúe a atención primaria, a atención especializada e as prestacións farmacéuticas.

A cobertura sanitaria en atención primaria abrangue a cobertura nas consultas, servizos e centros de saúde; a indicación ou prescrición e a realización de probas e medios diagnósticos; as actividades programadas en materia sanitaria como a vacinación, exames de saúde e outras medidas de prevención, promoción e rehabilitación; ademais de programas de atención á infancia e urxencias.

En canto á atención especializada, inclúese a asistencia ambulatoria especializada en consultas, que pode abarcar os procedementos cirúrxicos menores; a asistencia ambulatoria especializada no hospital de día, que abrangue a asistencia médica, a cirúrxica, a pediátrica para procesos agudos, a reagudización de procesos crónicos ou a realización de tratamentos de procedementos diagnósticos que así o aconsellen; ademais da asistencia especializada en réxime de hospitalización. No referido á prestación farmacéutica, a colaboración establecida abrangue a dispensación prestada



en réxime de internamento e a prescrita en réxime extra-hospitalario.

Dende hai varios anos, numerosas familias galegas aco-llen no verán a nenos e nenas

saharauís procedentes dos campamentos de refuxiados, dentro do programa Vacacións en Paz. Neste 2019, a súa estadia abrangue dende o 7 de xullo ao 9 setembro.

Máis de 700 persoas participan nas excursións do programa da Deputación de Pontevedra "En ruta coa DEPO 2019"

O programa "En Ruta coa Depo 2019" organiza esta semana 10 novas excursións nas que participarán máis de 700 persoas de sete concellos da provincia. En concreto serán 702 veciñas e veciños dos concellos de Sanxenxo, Vigo, As Neves, Pontevedra, Pontearreas, Redondela e Mos.

Máis polo miúdo, este mércores, 54 persoas do Club de Pensionistas de Sanxenxo visitarán o santuario de Santa María da Franqueira da Cañiza, e o Centro de

Interpretación da Cera (Favum) e Casa-Museo Pazo da Cruz, en Covelo. Pola súa banda, o venres, 54 persoas da Asociación de Familiares Enfermos

de Alzheimer e outras demencias de Galicia farán a súa ruta pola illa de Ons e a localidade mariñeira de Portonovo. No que respecta ao sábado, 54 persoas da Asociación de Mulleres Rurais Chan dos Casteliños coñecerán o conxunto histórico de Cangas, a igrexa do Hío, o miradoiro da costa de Soavela e Cabo Home, en Cangas; e o Museo Massó e cabo Udra, en Bueu. Tamén, 108 persoas da Asociación Club de Xubilados e Pensionistas visitarán Pendellos de Agolada; e Vila de Cruces: Museo A Solaina de Piloño, Fundación Xosé Neira Vilas e igrexa de San Salvador e Camanzo.

Por outra banda, o domingo, 108

persoas da Asociación Cultural San Nicolás de Prado e da Asociación de Vecinos del Barrio de la Feria en Cabral farán a súa ruta por Arousa, coñecerán a Illa da Toxa, farán un percorrido en barco pola ría de Arousa (con degustación); e, tamén, irán a O Grove, ao Museo da Salga, e darán un paseo pola zona e polo xacemento da Lanzada. Amais, outras 108 persoas da Asociación de Veciños San Cibrán de Ribarteme van coñecer a illa de San Simón; o castelo de Soutomaior e Ponte Sampaio; e o Museo Meirande, en Redondela. Tamén o domingo, 162 da Asociación de Nais e Pais de Persoas con Necesidades Especiais Andaina e da Asociación Cultural

A Queimada visitarán a illa de Ons e a localidade mariñeira de Portonovo. E, por último, 54 persoas da Asociación de Disminuídos Físicos e Psíquicos de Mos farán unha ruta polo conxunto histórico de Pontevedra, polo Museo de Pontevedra e pola illa do Covo.

O programa "En Ruta coa Depo 2019" oferta este ano 20.000 prazas e 32 rutas para gozar dun día de convivencia, con xantar e transporte incluídos, por lugares emblemáticos da provincia. En liñas xerais, a través desta iniciativa a Deputación pretende crear espazos de unión e convivencia a través do impulso da igualdade de acceso aos recursos turísticos, especialmente para as persoas con diversidade funcional. Tamén dar a coñecer os distintos lugares da provincia de Pontevedra, dotar ás asociacións de recursos para promover o envellecemento activo, así como promover os recursos máis importantes das Rías Baixas para que a xente os coñeza, se poida sentir orgullosa deles, coide o medio ambiente e adquira novos valores de respecto ao entorno.





Galicia

Redacción SANTIAGO

Santiago acolle do 3 ao 7 de xullo a quinta edición da feira de creación e innovación Maker Faire Galicia

A Maker Faire Galicia celebra este ano 2019 a súa quinta edición, consolidándose como a máis importante da península, tanto en número de makers como de expositores. Ademais pasa de 3 xornadas a 5, con 3 días específicos para profesionais e 2 abertos a todos os públicos.

As xornadas profesionais terán lugar o 3, 4 e 5 de xullo no edificio CINC da Cidade da Cultura. O obxectivo destas xornadas é achegar ás empresas o potencial que ofrece o ecosistema maker e xerar novas sinerxias entre as dúas comunidades. A feira volve contar co patrocinio da Fundación Cidade da Cultura de Galicia e do Concello de Santiago a través do

programa Compostela Móvese.

Durante os tres días haberá charlas e mesas redondas onde se tratarán temas tan de actualidade como a robótica, a ciberseguridade, o Open Data, a enerxía, a mobilidade ou a intelixencia artificial. Serán tres temáticas por día. Acudirán tamén con empresas como Iberdrola, Repsol, Cellnex ou Siemens; e con empresas galegas de recoñecido prestixio como Finsa, Plexus, Televés, Kaleido ou Alén Space, "que contarán cunha zona de stands e presentarán os seus proxectos.

Na xornada do venres desvelaranse os 3 mellores proxectos makers profesionais, que competirán por ese primeiro posto ante un xurado de ex-

pertos. Finalmente rematará cun xantar networking no que se fomentará o intercambio de opinións entre os asistentes e os relatores. As xornadas orgánzanse en colaboración con APD, a Xunta de Galicia, o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e o Círculo Financieiro de Galicia e se enmarcan dentro do Proxecto Capacita Directivos.

Xornadas Abertas

As xornadas abertas a todos os públicos celebraranse os días 6 e 7 de xullo. Durante toda a fin de semana no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura de Galicia, de 10 da mañá a 8 da tarde, nenos, adultos e maiores poderán gozar de numerosas charlas e actividades para todos

os gustos.

Nas actividades e obradoiros hai variedade para tódolos gustos: pilotaxe de drones, creación de microscopios caseiros, mistura de papiroflexia e electrónica, arduino, programación... Un dos máis chamativos é o obradoiro de creación de próteses en 3D que despois se repartirán entre as persoas que máis as necesiten ó longo de todo o mundo. E outra das actividades con maior participación será a Hebocon, unha competición de robots absurdos.

Seguindo coa construción de robots e misturándoo coa temática deste ano, que é a volta á orixe, ao rural galego, teremos obradoiros de construción de galiñas robóticas ou pitabots,



coas que faremos concursos e espectáculos audiovisuais. Seguindo a temática do rural participará o artista galego Yoseba MP, autor dos murais de máis de 15 metros que podemos ver por toda Galicia, nos que retrata a mulleres do rural galego con super poderes.

A entrada é gratuita para menores de 14 e maiores de 65 anos, para o resto terá un custe de 5€ os dous días da feira.

Entregados os premios do proxecto Argos

O día primeiro de xullo entregáronse os premios de Argos, un programa de equipos de emprendemento desenvolvido conxuntamente pola USC e a incubadora de empresas Uninova, na que colabora o Concello de Santiago, a Xunta de Galicia e a Deputación de Lugo. Os proxectos de empresas gañadores nas dúas modalidades nas que se divide o programa foron "Árnigal Cultivos", e "Bewell". Cada un deles recibirá 3.000 euros e terá seis meses de acceso gratuito a espazos de incubación.

Na modalidade de Agros Enxeño, para proxectos xurdidos de ideas propias de participantes ou empresas da contorna de Compostela e Lugo, resultou gañador "Árnigal Cultivos", un proxecto de cultivo ecolóxico de árnica e obtención de estrato da mesma para uso cosmético. E na modalidade de Argos Spin, para proxectos baseados en resultados de in-



O concelleiro de Relacións Institucionais, Sindo Guinarte, cos gañadores.

vestigación da USC, o premiado foi "Bewell", baseado na avaliación científica do benestar animal en explotacións gandeiras asociadas á concesión dun selo de calidade. Para Guinarte, hai dous conceptos que definen estes proxectos: "multidisciplinidade e innovación, dous elementos nucleares da empresa e da economía futura".

O programa, que este ano acadou a sexta edición, contempla entrevistas aos participantes, constitución de equipos multidisciplinares con 4 ou 5 integrantes, que finalmente, desenvolven un plan de empresa tutorizado por persoal de Argos para presentalo ante un xurado. Conta ademais con sesións de adestramento en exterior e traballo en equipo.

Aprobado o réxime de organización do Concello



O pleno do Corporación reuniuse en sesión extraordinaria para tratar os puntos relativos á organización do mesmo. Así, decidiuse a periodicidade das sesións, a creación e composición das comisións, a representación dos grupos nas distintas entidades municipais ou o réxime de indemnizacións e dedicacións exclusivas dos membros das corporación.

O Pleno aprobou por unanimidade que o Pleno da Corporación se reúna en sesión ordinaria todos os meses, agás agosto, o último xoves de cada mes, ás 17:00 horas

en primeira convocatoria. No caso de ser festivo, celebrárase dous días antes ou dous días despois, á mesma hora, previa consulta á Xunta de Portavoces.

A proposta relativa ao réxime de indemnizacións e dedicacións exclusivas dos membros da corporación, así como aos grupos municipais, foi aprobada cos votos a favor de PSOE, PP e BNG. Compostela Aberta votou en contra. Segundo a proposta, o grupo de goberno terá dez dedicacións exclusivas, o alcalde máis os nove concelleiros, o PP, dúas; Compostela Aberta, 1,64; e o BNG, 1.

Por Moncho Mariño

Leticia Costas, escritora

“Quería unha protagonista feminina para ter a súa mirada”

Leticia Costas é autora de literatura xuvenil e infantil, mais agora entrou no terreo da novela para o público adulto coa novela Infamia. Un percorrido

polo lado máis escuro da sociedade en que vivimos. Costas atendeu a Novas do Eixo Atlántico poucos días despois da saída do seu libro.

-Infamia é o título do teu último traballo que ademais é a túa primeira incursión no terreo do xénero negro. Cales foron os retos a superar por ti para escribiros Infamia?

Hai quen a cualifica como unha novela negra, nin sequera sei se é necesario etiquetala, sei que os seres humanos temos a necesidade de etiquetar todo e buscar un nome para todo. A min gústame cualificala como un thriller psicolóxico, porque o certo é que o peso das emocións e das reaccións dos personaxes a nivel psicolóxico teñen importancia, o caso é que son o motor da trama. Os retos que enfrontei foron os mesmos que cando enfronto escribir unha novela infantil ou xuvenil. É a capacidade de estar concentrada moitas horas só nesa historia que estou traballando.

-Por que deches este paso,

da literatura infantil e xuvenil ao thriller?

Foi como un paso natural. Hai uns anos xa escribira un libro de relatos arredor da Segunda Guerra Mundial, Un animal chamado néboa, que fora o meu primeiro paso no libro para público adulto. Tiña a necesidade tamén de contar algo sobre a infancia desde unha perspectiva nova para min como autora.

-A trama desenvólvese arredor da desaparición de dúas mozas nun lugar a onde chega a protagonista. Querías romper algún mito sexista en relación co xénero do thriller?

Nestes últimos anos estou ocupada en escribir novelas onde as mulleres teñan un papel protagonista. Creo que faltan referentes femininas. Entón, eu son unha autora implicada coa sociedade dentro da que vive, así que o tema

da igualdade é algo que me preocupa. Eu quería unha protagonista muller para ter a súa mirada, mentres que os demais personaxes son masculinos.

-Esa protagonista ten os seus traumas. É unha maneira de humanizar o personaxe?

Eu quería que fose unha novela humana. Por iso me preocupei de humanizar os personaxes, que non tivesen estereótipos e levasen os seus desexos e demais trazos. Creo que os seres humanos somos así, estamos cheos de matices.

-Consideras que a túa novela e outras semellantes poden axudar a ver o lado máis escuro da sociedade?

É unha maneira moi bonita de velo, de ter unha visión utópica da literatura, mais para min a literatura ten que servirme para entender o mun-



do e a sociedade. Non sei se consigo esa función social pero a min como autora, si que me serve. Hai cousas que creo que debemos contar e eu quero contala.

-Ves a creación literaria para nenos e nenas como un elemento que axude á sociedade cambiar a mentalidade sobre temas como

patriarcado, machismo ou violencia?

Quero pensar que si, mais iso é no que estou ocupada e tamén en emocionar os cativos, que ao final é o que quero, enganchalos a través da emoción. Logo se podes contar outras cousas desde o teu punto de vista, pois mellor que mellor.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

verán cultural

xullo 2019

festas do Cristo

MARTES 9

23:00 Cípe na Rúa. Praza do Concello.

MÉRCORES 10

20:00 Aula aberta de ioga con Vanessa Guisande. Parque da Gándara.

22:45 Teatro Castro Barreiro, "A ORIXE". Praza do Concello.

XOVES 11

19:30 Contacontos en inglés, "The King's Servant". (Organiza Kids&Us Porriño). Praza do Concello.

22:30 Actuación do Centro Cultural O Borrallíño. Parque Aragón.

VENRES 12

18:00 Día da Infancia, hinchables, xogos... Parque da Gándara.

23:00 Actuación do grupo Voces do Arrieiro. Praza do Concello.

SÁBADO 13

XVI Rallye SURCO. Organiza Escudería Surco (Consultar programación).

21:30 XXVIII Festival de Bandas de Música de Salceda. Banda de Música Castrelo de Cambados, Banda de Música Xuvenil de Barro, Banda de Música Cultural de Salceda. Patio traseiro do CEP Altamira.

DOMINGO 14

21:00 Exhibición de Break Dance. Parque Raiña Aragón.

LUNS 15

23:00 Actuación da Agrupación Cultural Xunco. Praza do Concello.

MARTES 16

22:30 Actuación do grupo OS DE AQUÍ. Praza do Concello.

MÉRCORES 17

20:00 Aula aberta de ioga con Vanessa Guisande. Parque da Gándara.

21:30 Actuación do Coliño Bailongo. Parque Raiña Aragón.

22:30 Baile de Salón. Patricia Martínez e alumnas/os. Parque Raiña Aragón.

XOVES 18

22:00 XXIV Festival Folclórico. Grupo Folclórico Xunco, Grupo Folclórico Castro Barreiro, Grupo Folclórico O Serán, Grupo Folclórico O Freixo (Enxenza), Grupo de Gaitas Airiños do Caselas. Parque Raiña Aragón.

VENRES 19

18:00 Festa da Escupa. Praza do Concello.

23:59 V Festival Vaia Cristo. (Coorganiza ACDE Treze Catorze). Antigo Matadoiro.

Os Resíduos Atractivos / The Lelli Kelly's / Thee Blind Crows

SÁBADO 20

DIRT TRACK (Organiza Entroido A Feira). Campo das Curuxeiras. Consultar programación.

20:00 Desfile da Agrupación Gaiteira de Salceda polas rúas da Esfarrapada.

22:00 X Estourazo de inicio das Festas do Cristo desde o balcón da Casa da Cultura.

23:00 Verbeña co Grupo La Nave e Actuación de Susana Seivane.

DOMINGO 21

11:45 VIII Acto Cívico Salcedenses Distinguidas/os.

12:45 Misa cantada pola Coral Polifónica de Santa María de Salceda.

13:30 e 21:00 Concerto da Banda de Música Cultural de Salceda de Caselas.

22:00 Verbeña con Grafitti e La Dimensión.

LUNS 22

21:30 Clase aberta de Zumba con Noelia Rodríguez.

22:30 Verbeña coa Orquestra La Estación e Grupo Nebraska.

OUTRAS ACTIVIDADES

Feira Medieval (Organiza ACISA)

Do 5 ao 7 de xullo na Praza do Concello.

Exposición Meninas en Flor. (Concello de Ponteareas)

Do 1 ao 15 de xullo no Auditorio Municipal e na Casa da Cultura Castela.


V Torneo de Fútbol Sala "Vila de Salceda"

Do 15 ao 19 de Xullo na zona deportiva de Altamira.



Concello de
**Salceda
de Caselas**

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA | pontegai



Calquera idade e boa para soñar: Coral Os Soñadores de Ourense

Por Ricardo Seguí

Moitas son as actividades que se programan no Centro Sociocomunitario de Ourense, situado no número 4 da calle do Concello. A música, nas súas distintas vertentes, é unha delas. E, personificando na música coral, diríamos que é unha das disciplinas máis antigas e participativas de dito centro.

No ano 1980 naceu o “Coro do Fogar da Terceira Idade de Ourense”. Foi un coro de moito éxito a nivel nacional. Ós dous anos da súa fundación presentouse ó certamen nacional de Coros da Terceira idade en Madrid e proclamouse campión. Mentras se celebrou este certamen a nivel galego, tamén se proclamou campión en todas as edicións.

O día 5 de marzo do ano 2002, co nome de “Coro do Fogar do Maior de Ourense”, un estudio móbil da Radio Galega trasladouse ó salón de actos do Colexio de Salesianos de Ourense, para gravarlles un disco. Ese día interpretaron as seguintes composicións: Moreniña por tener, Lérame, Lérame, Chamáchesme cadelión, A Tileira, Cantares Galegos, Falade Ben Baixo, Ay linda amiga, O Cuco, Mariñeiro, Santa Lucía, O voso galo, comadre e Velai vai.

Un dos grandes artífices de

todos estos éxitos foi o seu director, Fermín Zubiri Enériz, que foi quen de converter o grupo coral nunha asociación moi respetada a nivel nacional. Ocorre que os tempos de bonanza foron indo a menos e a continuidade da Coral estaba pendente dun fio. Desde as distintas consellerías da Xunta empezaron a mermar as axudas hasta reducirse á mínima expresión.

Tino Veiga

Hai aproximadamente sete anos, un grupo de coralistas, vendo que a gran obra musical podía desaparecer, tomaron a decisión de botalo resto. Celebraron varias xuntanzas e decidiron tirar para adiante. Unha das persoas máis ilusionadas foi César Manuel Varela, que sería elixido presidente hasta hai dous anos e medio. Estaban sin diñeiro, pero soñaban con saír airosos. E soñaron, soñaron...e decidiron poñerlle ó novo coro o nome de “Os Soñadores”.

Nome xa había, pero faltaba quen dirixira a Coral. E, como acostuma a ocorrer neste tipo de encrucilladas, foron onda quen sabían que lles iba botar unha man: o ourensán Tino Veiga.

Tino andaba liado con varias corales, rondallas...pero fixo un oco e aceptou. Todos armaron o ombreiro e Os Soñadores botaron a andar.

Tino foi sempre moi esixen-



Os Soñadores na igrexa dos Franciscanos.

te, pero consciente de resposta que podían dar os coralistas cos que contaba. Os Soñadores teñen primordialmente a súa “canteira” no Centro Sociocomunitario, aunque desde o primeiro día abriu as portas a quen quixera unirse á Coral. Tino Veiga imprimiu un sello na Coral, pero empezou a pensar en soltar lastre e irse retirando paulatinamente.

Toni Pérez

Volvían a presentarse nubarróns no futuro do coro. Pero a sorte púxose do lado dos Soñadores. Xa levaba un ano colaborando con seu teclado o nunca ben ponderado Toni Pérez (Toni y los Arquinos). A directiva, coa proposta de Tino Veiga, propúxolle a Toni a dirección do coro e él,

humilde coma sempre, aceptou, pero proponendo un prazo de proba por si aquilo non funcionaba.

Pero funcionou de maravilla. Toni saca tempo de onde non o hai e acepta tódalas invitacións que chegan á Coral.

A Coral Os Soñadores ten na actualidade 31 compoñentes e durante o ano cubre un bo número de actuacións. Asiste cada ano ó concerto de Panxoliñas, patrocinado polo Concello de Ourense, canta en Salesianos na novena de María Auxiliadora, Fátima, Santa Eufemia, nos Franciscanos, Auditorio de Coles...pero especialmente ten unha vocación moi marcada cos maiores.

Tódolos anos, en víspera do Nadal, este coro recorre casa-

que tódalas residencias de anciáns do entorno de Ourense. Residencia San José, Virgen Blanca, Esperanza, Nosa Señora dos Milagres, O Pereiro...Nesos actos, a pesar das realidades que se observan, é onde máis reconfortados e compensados se ven os compoñentes de Os Soñadores: levar ledicia e recordos á xente que está fora da súa casa.

Nestas datas estanse facendo xestións para remodelar a vestimenta dos compoñentes da coral que, dito dexe de paso, xa leva moitos concertos enriba.

Tamén, antes de que finalice o ano, está previsto que “Os Soñadores” teñan unha pequena actuación na Televisión de Galicia.



Musical

González

INSTRUMENTOS, SONIDO E ILUMINACIÓN

www.musicalgonzalez.com

C/ Díaz de la Banda, 12 B
(Glorieta Curros Enríquez,
entrada Puente Nuevo)



32004 - Ourense
Tlf: 988 23 72 09

Contratación directa

TONY PEREZ

LOS ARQUINOS

12 profesionales sobre el escenario

TOTALMENTE EN DIRECTO

LA GRAN “ORQUESTA” PARA SUS FIESTAS

TELÉF.: 608 989 259 - 636 863 309 - 988 23 72 09

A Xunta licita os traballos de restauración da igrexa do Incio

A Consellería de Cultura e Turismo licitou as obras de restauración da igrexa de Santa Cruz do Incio, en Lugo, por valor de 130.000 euros. Os traballos que se realizarán inclúen a incorporación de illamento térmico en toda a superficie da cuberta, o acondicionamento da zona da sancristía coa renovación de instalacións e carpinterías, a execución dunha nova escaleira de acceso á torre, a impermeabilización da cuberta do campanario ou a actualización e mellora da instalación eléctrica do edificio. O obxec-

tivo destas actuacións é evitar filtracións no inmovible, mellorar o illamento térmico do mesmo e facer máis accesibles os espazos públicos da igrexa.

As obras terán un prazo de execución de catro meses e o adxudicatario do contrato deberá acreditar que posúe os coñecementos necesarios no desenvolvemento de traballos en bens protexidos, así como en materia de restauración e conservación do patrimonio cultural. Ademais, os licitadores deberán comprometerse a incluír unha serie de medios mínimos, tanto persoais como

materiais, para garantir a correcta execución dos traballos, dada a singularidade do ámbito de actuación e a especialidade das técnicas que se aplicarán.

Arquitectura da zona

A igrexa de Santa Cruz do Incio foi construída entre os anos 1961 e 1963 e o seu proxecto urbanístico foi obra do arquitecto José Luis Fernández de Amo, un dos máis importantes representantes da nova arquitectura española do século XX. O templo contén exemplos da arquitectura tradicional da zona, entre os que



Igrexa de Santa Cruz do Incio.

destacan o uso de lousa na cuberta, a presenza de pedra e panos brancos nas fachadas, o emprego do mármore do Incio no pavimento e outros elementos do interior que aínda se conservan.

No seu deseño tamén colaboraron o escultor José Luís

Sánchez Fernández Pepus, que realizou a imaxe da Virxe Dolorosa, a Cruz Procesional e máis o Sagrario, o vidreiro José Luís Gómez Perales, que realizou as vidreiras do Vía Crucis, e os irmáns Atienza que fixeron o resto das lucernas do templo.

Casas do Maior para Cervantes, As Nogais e Portomarín

O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, informou que en breve prazo abrirán as primeiras casas do maior na provincia de Lugo, coas que a Xunta "implanta un novo servizo fundamental no medio rural, como son os centros de día de atención ás persoas maiores en situación de dependencia".

Balseiro participou na xornada de portas abertas da casa do maior de Cervantes, que xestiona a cooperativa Entelequia e ten previsto iniciar a súa actividade no prazo dun mes. Tamén están xa ultimando os trámites para a apertura outras tres casas do maior na provincia, dúas nas Nogais e unha en Portomarín.

As casas do maior son unha experiencia pioneira que pon en marcha este ano a Conse-



Xornada de portas abertas en Cervantes.

llería de Política e Social á imaxe das casas niño, que tan bo resultado están a dar polo que supoñen de ampliación de servizos e oportunidades no rural, tanto laborais como de conciliación.

Esta nova medida ratifica a aposta da Xunta por desenvolver recursos de proximidade que permitan aos veciños e veciñas ser atendidos na súa contorna, con todas as garantías de seguridade e calidade

esixibles, servizos que habitualmente só se ofrecían nos municipios máis grandes.

Balseiro confía en que tamén as casas do maior se vaian consolidando e estendendo a outros puntos da provincia en

próximas convocatorias. O único requisito é que se instalen en concellos de menos de 5.000 habitantes que non contén cun servizo similar.

As casas do maior están financiadas integramente pola Consellería de Política Social e, polo tanto, non teñen ningún custo para os usuarios. Nelas atenderase a un máximo de cinco persoas, todas elas maiores de 60 anos e con dependencia moderada ou severa. O servizo funcionará durante un máximo de oito horas diarias, de luns a venres e con flexibilidade horaria.

Cada un dos adxudicatarios recibe un máximo de 15.000 euros para afrontar as reformas necesarias no local elixido para prestar o servizo, e tamén unha prima anual de 19.600 euros. O convenio ten unha vixencia inicial de cinco anos.

A Xunta inviste na construción dun viveiro industrial no Corgo

A Consellería de Economía, Emprego e Industria apoiará cunha achega de 240.000 euros a construción dun viveiro de empresas no polígono do Corgo. O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, desprazouse ata o parque industrial para coñecer os datos da futura edificación en compañía do alcalde, José Antonio Ferreiro, entre outros.

Balseiro explicou que este proxecto, que conta cun orzamento de 358.000 euros,

acadou a achega máxima prevista no programa de axudas para a creación de viveiros industriais, co que a Xunta quiere fomentar a creación de novas empresas de carácter industrial. O delegado sinalou que “contar con estas instalacións e servizos é un apoio moi importante para os emprendedores nas súas primeiras etapas de actividade e contribúen ao éxito final do proxecto”. O viveiro enténdese como un espazo físico para o nacemento de novas industrias no que se ofrecen as condi-

cións e os servizos precisos para a implantación inicial e a consolidación das empresas por un tempo limitado.

A Xunta financia a construción, reforma e equipamento interior das naves que servirán de emprazamento para o viveiro empresarial, e que pasarán a ser de titularidade municipal. No caso concreto desta obra do Corgo o proceso de licitación xa está en marcha e recibiron as primeiras ofertas polo que, unha vez valoradas, prevén adxudicala nas vindeiras datas, todo isto, coa intención de



O novo viveiro instalarase nunha parcela de 2037 metros cadrados.

executar a construción este mesmo ano.

Consistirá nunha nave de nova construción con dúas plantas (baixo máis primeira). Na baixa acondicionarase a recepción, vestíbulo, despachos, aseos, vestiarios e sete

loais para emprendedores; na planta primeira haberá unha sala de reunións, tres despachos e un aseo. En total, a superficie construída será de 878,75 metros cadrados, e a superficie útil de 821,47 metros cadrados.

Parque Biosaludable para Muras

A Xunta, a través do Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Terra Chá, apoia con 62.900 euros a actuación de adecuación da parcela do Centro de Interpretación Ambiental que executa o Concello de Muras, orientada a recuperar este espazo para o uso e desfrute da veci-



Trátase de prestación de servizos públicos gratuítos.

ñanza e a crear un parque biosaudable. O delegado territorial da Administración autonómica en Lugo, José Manuel Balseiro, visitou as obras xunto coa primeira tenente de alcalde de Muras, Belén Chao Ramil, e outros membros da Corporación. Segundo apuntou Balseiro, a achega do GDR a esta actuación supón o 86% do investimento.

O proxecto contempla destinar a parcela a zona verde deixando unha parte pavimentada con lousa conectada co patio do centro de interpretación mediante a construción dunha escaleira en tres tramos. A proposta prevé conformar unha praza miradoiro e tamén recuperar os muros de pedra que forman os distintos bancos.

Na parte superior da parcela, instalouse un circuíto biosaudable dividido en dúas zonas e composto por diferentes equipos de ximnasia. Este tipo de instalacións están deseñadas para a práctica de exercicio físico de persoas adultas a partir de 40 anos e especialmente recomendados para maiores de 60.

As obras están moi avanzadas e actualmente trabállase no axardinamento e no remate do pavimentado. Algúns dos equipos de ximnasia xa están instalados. Balseiro salientou que este proxecto forma parte das iniciativas non produtivas financiadas a través do GDR, encamiñadas a impulsar accións e a mellorar a calidade de vida no medio rural.

A Ponte Vella de Monforte foi limpiada



Limpeza na Ponte Vella.

A brigada municipal de parques e xardíns do Concello de Monforte acometeu traballos de limpeza da vexetación superficial que se foi acumulando nestes últimos meses na Ponte Vella. En concreto, as tarefas consistiron no corte da maleza e limpeza das herbas para resaltar a beleza do monumento. Para a realización destes traballos durante unha mañá empregouse un guindastre e o tráfico estivo cortada temporalmente.

O alcalde, indicou que “a limpeza e o axeitado mantemento deste Ben de Interese Cultural é unha das actuacións que este goberno contemplou dende o principio. A Ponte Vella é un monumento que forma parte da imaxe da nosa cidade e por iso debemos mantela nas mellores condicións, co obxectivo de que no futuro sexa peonil para o disfrute dos monfortinos e turistas que nos visitan, mellorando a mobilidade cidadá cunha nova ponte no Malecón, a medio prazo”.

Antigüedades de cinco países en Expourense

Expourense celebrou a terceira edición de Antiq Auria, Feira Internacional de Antigüedades que naceu en 2018 como cita bianual. Os bos resultados obtidos de visitas e vendas garanten xa a 4ª edición prevista para a fin de semana entre o 8 e o 10 de novembro. Trátase dunha cita coorganizada entre Expourense e a "Asociación Memoria Antiga" integrada por empresarios ourensáns do sector das antigüedades. Tal e como indica un dos seus fundadores, José Antonio Ferreiro, "tiñamos reservas sobre como ía funcionar esta edición porque era unha fin de semana complicada xa que había moitas

festas importantes e facía bo tempo, pero non nos queixamos do resultado, 2.000 visitas é unha boa cifra para unha feira tan específica como esta".

Participaron en Antiq Auria 40 expositores de cinco países (España, Portugal, Francia, Suíza e Romanía) que ofrecían miles de obxectos clasificados en antigüedades, coleccionismo e vintage. Esta cita ofrecía unha gran variedade de mobles de comezos do século XX e tamén dos anos 60 e 70. "A pesar de que son obxectos de gran formato, vendéronse moi ben. Os expositores que apostaron por traer mobiliario fóronse satisfeitos", indican desde Memoria Antiga que tamén

fan referencia á alta fidelidade dos expositores que confían en Antiq Auria e que xa confirmaron a súa presenza na seguinte edición.

Das 2.000 visitas recibidas non pode extraerse un patrón de "cliente" das antigüedades xa que "veu xente de todas as idades o que indica que é un sector que pode interesar a calquera. Cada vez hai máis afección por incluír pezas especiais na decoración dos fogares", explica José Antonio Ferreiro.

Para premiar aos visitantes que elixiron Antiq Auria como un bo plan para a pasada fin de semana, os organizadores sortearon un espello de



A próxima feira en Expourense será Termatalia, en setembro.

madeira dos anos 50 valorado en máis de 300 euros. O gañador do sorteo foi Carlos J. Hermida de Allariz.

Conclúe así a última cita feiral do primeiro semestre do ano en Expourense. A organización xa está plenamente inmersa na organización da pró-

xima, unha das máis importantes do calendario feira. Será Termatalia, 19ª Feira Internacional de Turismo Termal, Saúde e Benestar, que se celebrará os días 19 e 20 de setembro, aínda que as actividades da "Semana Termatalia" irán desde o 17 ao 21 dese mes.

Termatalia organizou o Día mundial do benestar

Ourense sumouse á celebración do "Día mundial do benestar" organizado un ano máis por Termatalia co obxectivo de posicionar a Ourense como un destino saudable e de benestar. Termatalia, Feira Internacional de Turismo Termal, Saúde e Benestar, conta unha rede estratéxica internacional na que se inclúen moitas das

entidades que promoven o turismo de saúde a nivel mundial. Entre os obxectivos de Termatalia está fomentar un estilo de vida saudable e un turismo de calidade respectuoso co medio natural.

A provincia de Ourense e o seu capital termal celebran así por cuarto ano consecutivo este día para promocionarse como destino saudable. Trátase

dun concepto que vai máis aló do seu potencial termal e que inclúe tamén os seus recursos naturais e unha gastronomía de calidade con moitos produtos "quilómetro cero" producidos, transformados e comercializados na provincia.

Durante este acto leuse o manifesto do Día Mundial do Benestar e realizáronse fotografías e un vídeo que serán



O acto ourensán celebrouse en Leiro.

enviados aos organizadores do "Global Wellness Day" para ser incluídos no resumo final da celebración mundial deste

evento ao que se sumaron xa máis de 120 países con máis de 3.000 localizacións e celebracións.



O NOSO É MOITO, COMPARTAMOS A SÚA MAXIA.

A MAXIA DO NOSO

AXUDA A TODOS OS REPUNANTIÑOS QUE POIDAS ;)

Vivamos como galegos! **GADIS**

vivamoscomogalegos.com

A FAO distingue a xestión da Xunta e Boaga para a recuperación da raza bovina autóctona caldelá

A Organización das Nacións Unidas para a Alimentación (FAO) vén de distinguir a xestión feita pola Xunta de Galicia e a Federación de Razas Autóctonas de Galicia-Boaga para a recuperación da raza autóctona galega da vaca caldelá. En concreto, foi a división de produción e sanidade animal da FAO a que fixo

esta comunicación oficial a Boaga, como organización encargada de xestionar o libro xenealóxico desta especie.

Xunto a Galicia, só se distinguiron dous exemplos máis relacionados con razas equinas, a de Noruega Nordland lyngen e a de Francia baudet du Poitou. As tres razas figuran agora como casos de éxito na xestión de

recursos xenéticos.

Esta decisión da FAO vén tomada despois da auditoría feita por esta división á raza caldelá. Esta revisión comezou no ano 2017 e analizou a evolución da xestión zootécnica desta raza en perigo de extinción desde o 1996 ata o 2015. Así, comprobouse que neste período, o número de rexistros



En menos de 20 anos logrouse pasar de 284 animais de raza caldelá a 1.750.

aumentou de 284 animais a 1.750.

Ao mesmo tempo, tamén se constatou que o tamaño efectivo da poboación considerando as dúas últimas xeracións (isto é un indicador da variabilidade xenética), aumentou de 43 a 115, cun pico de 145 no período 2009-2012. A día de hoxe, segundo os informes máis recentes do 2017, contabilizáronse 987 femias reprodutoras.

Este crecemento ilustra un éxito global na xestión da conservación xenética por parte das entidades responsables, que son o Centro de Recursos Zooxéticos de Galicia, no pazo de Fontefiz, dependente da Consellería do Medio Rural, e a Asociación de Criadores da Raza Bovina Caldelá (Caldega) e BOAGA, dende o ano 1999. A federación de Razas Autóctonas de Galicia (BOAGA) está presidida por Xosé Ramón Xusto Feijoo. Por iso, a Xunta celebra este éxito, motivo polo que o conselleiro do Medio Rural, José González, traslada o seu agradecemento a todos os implicados polo traballo feito nestes anos.

Historia

A vaca caldelá é orixinaria da parte noroccidental de Galicia (Terra de Caldelas). Esta raza caracterízase por unha capa negra e cornos en forma de gancho. Críase exclusivamente en

sistemas de produción extensiva e a súa carne véndese baixo a marca da asociación de criadores 100% Raza Autóctona Caldelá.

As accións aplicadas para a súa conservación iniciáronse no ano 1991 pola Xunta de Galicia, a través do Centro de Recursos Zooxéticos de Galicia situado no pazo de Fontefiz, (Ucelles. Coles) onde hai sementais e femias reprodutoras e un banco de seme e embrións. Así, este centro proporciona sementais a baixo custo para facilitar o apareamento.

Neste caso, os touros teñen un papel crucial para non aumentar a consanguinidade. Así, utilízanse en diferentes granxas, sempre baixo a supervisión dos veterinarios do programa de conservación, e asígnanse de acordo con criterios de baixa consanguinidade. Desde 1991 ata 2005, os touros foron autorizados polo centro de Fontefiz, pero a partir dese momento estiveron en mans da asociación de criadores, debido ao traspaso de competencias do libro xenealóxico caldelá.

Así, desde ese mesmo ano, os criadores interesados deben postular ante a asociación e ser autorizados para a explotación. É entón cando reciben a lista de sementais compatibles coas femias dos seus rabaños. Estes gandeiros teñen o apoio da Xunta e da Unión Europea para as razas en perigo de extinción. En concreto, reciben axudas por cada cabeza de gando produtivo rexistrado no libro xenealóxico e que participa no programa de conservación.

Ampliase o miradoiro das Penas de Matacás, en Castro Caldelas

A delegada territorial da Xunta en Ourense, Marisol Díaz Mouteira, visitou o Concello de Castro Caldelas para coñecer a actuación de ampliación do miradoiro e da ruta de sendeirismo das Penas de Matacás que se vai desenvolver grazas as axudas da Consellería de Cultura e Turismo, que achega o 65% do total do custo do proxecto.

Díaz Mouteira e a alcaldesa do municipio, Sara Inés Vega, analizaron o proxecto que prevé a execución da segunda fase do miradoiro de Matacás e mellora nos seus accesos e equipamento, amais de completar a sinalización de puntos de interese preto da ruta. A actuación inclúe a creación dunha parte de miradoiro nunha plataforma parcialmente voada, amais da colocación de bancos de metal.

A delegada territorial lembrou que este proxecto realízase ao abeiro das subvencións que o Goberno galego outorga para a mellora das infraestruturas turísticas que teñan como finalidade o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural de cara á consolidación da oferta turística nas zonas rurais a través da posta en valor da súa riqueza histórica,



Realizárase a segunda fase do miradoiro e melloráranse os accesos.

cultural, patrimonial e paisaxística. Díaz Mouteira subliñou a colaboración da Xunta coas entidades locais para avanzar en proxectos que beneficien aos seus cidadáns e contribúan ao seu benestar e desenvolvemento económico. “En moitas ocasións, proxectos como a ampliación deste miradoiro non se poderían levar a cabo se a Xunta e os concellos non suman esforzos”, asegurou. Así, Marisol Díaz puntualizou que o orzamento desta actuación no miradoiro de Matacás cífrase en 44.400 euros, dos que a Xunta achega preto de 30.000 euros.

Proxectos na provincia

A representante do Goberno autonómico explicou que, ao abeiro desta liña de subvencións, se van conceder axudas a preto de 35 concellos e en-

tidades locais da provincia de Ourense co obxectivo de mellorar a accesibilidade física e á sinalización dos seus recursos turísticos coma os espazos naturais, os miradoiros e as rutas de sendeirismo, as praias fluviais ou os bens culturais. Díaz Mouteira indicou que a Xunta financiará o 65% do total do custo do proxecto.

O Goberno galego apoiará con 988.594 euros a execución de 35 proxectos noutros tantos concellos da provincia ourensá, que supón un incremento de investimento dun 26% con respecto á convocatoria do ano pasado.

Marisol Díaz Mouteira, destacou que “estas axudas van dirixidas a mellorar a calidade dos recursos turísticos dos concellos para facelos máis atractivos aos visitantes”

Xuntanza dos maiores do Carballiño

O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, sumouse á Xuntanza dos Maiores do Carballiño e compartiu parte da xornada coas arredor de 3.000 persoas chegadas de toda Galicia que se deron cita no parque municipal carballiñés para desfrutar dun día de convivencia e diversión. A conselleira de Política Social, Fabiola García, tamén asistiu a este tradicional evento que vai xa pola súa cuadraxésimo primeira edición.

Fabiola García afirmou durante a súa intervención que na actualidade “ser maior en Galicia é unha oportunidade excelente para vivir como de-

sexamos”, e garantiu o compromiso da Xunta de continuar a traballar para que todos “sexamos libres para decidir como queremos facernos maiores”. Neste sentido, reafirmou a aposta da Administración autonómica por iniciativas que promovan o envellecemento activo, con festexos como este e con diferentes programas como o de benestar en balnearios e talasos, que oferta máis de 1.000 prazas en 16 instalacións deste tipo na nosa comunidade; ou o voluntariado sénior, para que as persoas maiores teñan máis oportunidades de colaborar en proxectos solidarios.

Así mesmo, a conselleira de

Política Social destacou as alternativas das que dispoñen hoxe en día as galegas e galegos de máis idade para facerse maiores nas súas casas ou nas súas parroquias, tal e como é o seu desexo maioritario. Isto é posible grazas ao reforzamento de servizos como a Axuda no Fogar, a Teleasistencia ou Xantar na Casa; así como coa creación das Casas do Maior, pequenos centros de día totalmente gratuítos no rural. Tamén se referiu á maior oferta de prazas públicas en residencias para aqueles que prefiren esta opción.

Entrega de agasallos

Como en edicións anteriores, na Xuntanza distinguíronse a



Alberto Núñez Feijóo e Fabiola García.

diferentes centros e organizacións polas actividades que levaron a cabo ao longo de todo o ano. Nesta ocasión, os galardóns recaeron en dúas asociacións de pensionistas e xubilados da provincia de Lugo: a de Santa Isabel, en Outeiro de Rei, e a de Baleira; no voluntariado dos centros socio-

comunitarios da provincia pontevedresa; e nos centros sociocomunitarios de Ferrol e do Carballiño.

O programa da xornada completouse con diferentes actividades, como música, baile, xogos populares, unha exhibición de coreografías e a entrega de agasallos, entre outras.

A aldea de Osmo, candidata á primeira 'aldea modelo' de Galicia

O conselleiro do Medio Rural, José González, reuniuse con veciños de Osmo, no municipio ourensán de Cenlle, para felicitalos por ter presentado, en colaboración co Concello, a súa candidatura para ser declarada como primeira aldea modelo de Galicia na defensa contra os incendios forestais. O conselleiro trasladou tamén os seus parabéns ao alcalde, Gabriel Alén, que estivo presente na xuntanza. Neste caso, o Concello de Cenlle propón a aldea de Osmo por dispoñer dunhas 20 hectáreas de terreo abandonadas nas súas franxas de protección e que no pasado tiveron un aproveitamento

agrícola ou gandeiro.

José González explicou que o fin último da creación da aldea modelo é defender as persoas e os bens da ameaza dos incendios forestais, pero que non se trata únicamente diso, xa que tamén se pretende fomentar a posta en marcha de actividade agrogandeira na franxa dos 50 metros próxima ás vivendas.

Polo tanto, engadiu o conselleiro, o proxecto de aldeas modelo nace co obxectivo de executar a limpeza das franxas secundarias –é dicir, aquelas que están máis próximas aos núcleos de poboación– e poñelas a producir. Unha vez limpas esas franxas porase en

valor ese terreo creando actividade agrogandeira nelas, mediante cultivos de horta, cereal, pastos, froiteiras, castiñeiros, oliveiras, etc. Todo isto funcionará como devasa natural fronte o lume xa que, desenvolvendo actividade económica nas franxas non será preciso rozar todos os anos, explicou.

José González dixo que se trata dun proxecto promovido pola Consellería do Medio Rural no marco do convenio de protección das aldeas fronte o lume posto en marcha en colaboración coa empresa pública Seaga e coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp). A limpeza levarase a cabo se hai acordo entre os



O conselleiro do Medio Rural explicou os detalles da iniciativa.

propietarios das parcelas e os agricultores e gandeiros interesados en poñer a producir as terras, polo que o conselleiro animou a todos a involucrase neste proceso. Neste sentido, destacou que a iniciativa suporá un rendemento económico directo ou indirecto tanto para o propietario dos terreos –que conservará sempre a titularidade–, como para os interesa-

dos en poñelas a producir.

O conselleiro dixo que en breve estará operativo un teléfono para denunciar, de forma anónima e confidencial, calquera actividade incendiaria. O número é o 900 815 085. Animounos a usar este servizo para loitar contra os incendios e tamén a chamar ao 085 para comunicar calquera alerta de lume.

Expourense no Día Internacional das Feiras

A Asociación Galega de Feiras e Eventos (Agafe), reuniuse no recinto Feira Internacional de Galicia Abanca, en Silleda, con motivo da celebración do Día Internacional das Feiras. Ao encontro acudiron Emma González, directora adxunta de Expourense; Belén Montero, xerente do Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia; Rubén López, director xerente do Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, e Ricardo Durán, director da Feira Internacional

de Galicia Abanca, actualmente presidente de Agafe.

Ricardo Durán destacou o bo momento das feiras no mundo como unhas das principais ferramentas de márketing e de negocio das empresas para abrir mercado e xerar relacións comerciais. Ademais, fixo fincapé na inmillorable posición do ámbito feiral galego para xerar riqueza a través dos eventos e dinamizar os sectores económicos da nosa Comunidade.

Durán subliñou tamén que Galicia conta con feiras pun-

teiras a nivel peninsular e internacional, sendo unha das apostas principais da Asociación a profesionalización do sector e a organización de eventos con gran retorno na nosa contorna. Así mesmo, sinalou como estratexia de crecemento da entidade a colaboración entre recintos feirais e institucións, anunciando que realizará este ano varias actividades entre os recintos para compartir coñecementos e experiencias, como fórmula para crecer sumando.

Día Internacional das Feiras



Rubén López, Emma González, Belén Montero e Ricardo Durán.

celebrase sempre o primeiro mércores de xuño e nel participan entidades de máis de 85 países. O seu obxectivo é fomentar o coñecemento da relevancia da actividade feiral e da

súa repercusión económica e social. Tanto é así que as mensaxes craves en 2019 son: as feiras como unha gran industria global e unha eficaz e sustentable forma de facer negocios,

19ª Feria Internacional del Turismo Termal, Salud y Bienestar
17-21 de Septiembre de 2019
Ourense - Galicia - España

17: Congreso Reto Demográfico
18: Congreso / Simposio Científico
19: Simposio Científico
19 / 20: Feria / Workshop / Conferencias
21: Rutas Termas / Networking

@Termatalia

Solicita tu
**ACREDITACIÓN
PROFESIONAL** en
www.termatalia.com

Termatalia

El centro de negocios internacional para los profesionales del turismo